

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

Subvencións para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal convocadas para o ano 2023. (CÓDIGO DO PROCEDEMENT (CO300C)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Estas subvencións teñen por obxecto a transformación dixital e a modernización do sector comercial e artesanal de Galicia.

3. TIPOS DE APOIO

Subvencións a fondo perdido en réxime de concorrencia competitiva e suxeitas ao réxime de mínimos (non exceder límite de 200.000 euros en subvencións suxeitas a mínimos nun periodo de tres anos)

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquer outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, e que cumpran en todo caso os seguintes requisitos:

- COMERCIANTES RETALLISTAS:
 - Que desenroren a súa actividade comercial en Galicia e o **seu domicilio social radique en Galicia, que non teñan a consideración de gran establecemento comercial** e cumpran todos os requisitos legais para o desenvolvemento da actividade. No caso de comerciantes en liña, deberán ter o domicilio social en Galicia
 - Que teñan a **condición de peme** e teñan un número de **empregados igual ou inferior a 20 incluídas as persoas en situación de autoemprego**
 - Que estean dados de **alta nalgunhas das epígrafes do IAE do anexo II e III da Orde de convocatoria**, e que esta constitúa a actividade para a que vai dirixida a subvención.

No caso de que a actividade subvencionable se corresponda cunha actividade das epígrafes do anexo III, deberá estar dado de alta nalgunha actividade comercial relacionada no anexo II.

No suposto de que nun mesmo establecemento comercial se realicen actividades comerciais subvencionables con outras actividades non subvencionables, o solicitante deberá acreditar que a actividade principal está incluída nas epígrafes do IAE dos anexos II e III.

- Que **desenvolvan a actividade comercial nun establecemento comercial cunha superficie de exposición e venda igual ou inferior a 300 metros cadrados, agás que a actividade comercial se encadre na epígrafe 653.1 do IAE.**

- OBRADOIROS ARTESÁNS

- Que **estean inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.** En caso de novos obradoiros, poderán solicitar a inscrición no dito rexistro ata o último día do prazo establecido para solicitar estas axudas (28 de marzo do 2023).

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas en crise.

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR COMERCIO E OBRADOIROS ARTESÁNS

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

As actuacións serán subvencionables sempre e cando sexan realizadas e efectivamente pagadas dende o 1 de decembro do 2022 ata o 20 de marzo do 2023

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES

LIÑA DE DIXITALIZACIÓN:

Obradoiros artesáns e comerciantes retalistas con tenda física:

• Módulo I.

Obradoiros artesáns e comerciantes retalistas con tenda física sen páxina web, ou páxina web sen actualizar: Actuacións subvencionables:

A dixitalización básica da contorna comercial omnicanle, que supón obrigatoriamente a realización do conxunto das seguintes actuacións:

- Implantación de páxina web sen venda en liña. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3. a) da Orde de convocatoria.
- Hardware (sistema TPV ou tablet) e lector de código de barras.
- Software de pagamento adaptado á actividade comercial desenvolvida (máximo 12 meses).
- Impresora de código de barras térmica 1D/2D.
- Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).

• Módulo II. a) Obradoiros artesáns e comerciantes retalistas con tenda física e páxina web sen venda en liña, que teñan implantadas todas as actuacións do módulo I: Actuacións subvencionables:

- Implantación de páxina web con venda en liña. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3. a) da Orde de convocatoria
- Sistemas dixitais de stock integrado no punto de venda.
- Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).
- Loxística e-commerce, enténdendose como o servizo de transporte para envíos en liña, que deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.b) da Orde de convocatoria.
- Xestor de redes sociais, cos requisitos que figuran no punto 1.1.3. c) da Orde de convocatoria

Obradoiros artesáns e comerciantes retalistas con tenda física e páxina web con venda en liña, que teñan implantadas todas as actuacións do módulo I: Actuacións subvencionables:

- Mantemento da páxina web. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3. a) da Orde de convocatoria
- Melloras dos sistemas dixitais de stock integrado no punto de venda.
- Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).
- Loxística e-commerce, enténdendose como o servizo de transporte para envíos en liña, que deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.b) da Orde de convocatoria
- Sistemas de click and collect.
- Xestor de redes sociais, cos requisitos que figuran no punto 1.1.3.c) da Orde de convocatoria
- Imaxe dixital.
- Sistemas dixitais de control de accesos, que deberán cumprir cos requisitos que figuran no punto 1.1.3.d) da Orde de convocatoria

Comerciantes retalistas sen tenda física:

• Módulo I. Comerciantes retalistas sen tenda física

Actuación subvencionable:

A posta en marcha da actividade comercial con venda en liña, que supón obrigatoriamente a realización do conxunto das seguintes actuacións:

- Implantación de páxina web con venda en liña. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.a) da Orde de convocatoria

– **Sistemas dixitais de stock integrado.**

– **Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).**

– Loxística e-commerce, que deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.b) da Orde de convocatoria.

– Xestor de redes sociais, cos requisitos que figuran no punto 1.1.3.c) da Orde de convocatoria.

– Imaxe dixital.

• **Módulo II. Comerciantes retalistas sen tenda física, que teñan implantadas todas as actuacións do módulo I: Actuacións subvencionables:**

– Mantemento da páxina web. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.a) da Orde de convocatoria

– Melloras dos sistemas dixitais de stock integrado.

– Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).

– Loxística e-commerce, entendéndose como o servizo de transporte para envíos en liña, que deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.b) da Orde de convocatoria

– Xestor de redes sociais, cos requisitos que figuran no punto 1.1.3.c).

– Imaxe dixital

Módulo II. Comerciantes retalistas sen tenda física, que teñan implantadas todas as actuacións do módulo I: Actuacións subvencionables:

– Mantemento da páxina web. A páxina web deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.a) da Orde de convocatoria

– Melloras dos sistemas dixitais de stock integrado.

– Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).

– Loxística e-commerce, entendéndose como o servizo de transporte para envíos en liña, que deberá cumprir os requisitos que figuran no punto 1.1.3.b) da Orde de convocatoria

– Xestor de redes sociais, cos requisitos que figuran no punto 1.1.3.c) da Orde de convocatoria

– Imaxe dixital

AS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES QUE ESTEAN RELACIONADAS COAS PÁXINAS WEB, OU COA LOGÍSTICA E-COMMERCE, OS SISTEMAS DIXITAIS DE CONTROL DE ACCESOS, E COA CONTRATACIÓN DUN XESTOR DE REDES SOCIAIS, DEBERÁN CUMPRIR TODAS ELAS OS REQUISITOS DO APARTADOO 1.1.3 DO ARTIGO 4 DAS BASES DA ORDE DE CONVOCATORIA

LIÑAS DE MODERNIZACIÓN COMERCIAL:

ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES:

Considéranse actuacións subvencionables a adquisición, en réxime de propiedade, de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal, que deberán ser en todo caso de primeiro uso; en concreto:

- Maquinaria,
- Ferramentas ou equipamento auxiliar
- Fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal, así como outra maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal que melloren o deseño e a calidade do produto final

9. CONTÍA DAS AXUDAS

INVESTIMENTOS MÁXIMOS SUBVENCIONABLES PARA A LIÑA DE DIXITALIZACIÓN COMERCIAL:

Cada unha das actuacións subvencionables para cada un dos módulos desta liña de axudas, terá un investimento máximo subvencionable diferente segundo a actividade concreta para a que se solicita a subvención e segundo se trate de establecementos sen empregados, que teñan entre 1 e 10 empregados ou entre 11 e 50 empregados.

As contías máximas subvencionables para cada actuación de cada módulo desta liña de axudas e tendo en conta o número de empregados do establecemento solicitante, recóllense nos cadros das bases da Orde de convocatoria nos apartados correspondentes do artigo 4 (páxinas 15756 e 1578 da Orde). As contías de investimento máximo subvencionable recollidas na Orde serán sempre IVE excluído.

A porcentaxe de subvención será do 80% das inversións máximas subvencionables para cada actuación de cada módulo desta liña de dixitalización.

INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE PARA A LIÑA DE MODERNIZACIÓN:

7.000 euros IVE excluído

A porcentaxe de subvención será do 80% do investimento máximo subvencionable.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O Prazo de presentación de solicitudes remata o **28 de marzo do 2023**

A SOLICITUDE PODERÁ PRESENTARSE SEMPRE VÍA ELECTRÓNICA A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (<https://sede.xunta.gal>)

Para a presentación telemática será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

11. INCOMPATIBILIDADES

O importe das subvencións reguladas nesta orde, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións, ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada.

As subvencións previstas nesta Orde son incompatibles con calquera outra da mesma ou distinta Consellería, para os mesmos conceptos subvencionables e a mesma persoa beneficiaria..

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

Orde de 23 de febreiro do 2023 (DOG 28 de febreiro do 2023)

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

Páxina web <https://sede.xunta.gal>
<https://ceei.xunta.gal.portada>

Telf. contacto: **981 54 4 99; 981 54 55 48; 981 54 59 15**

14. OBSERVACIÓNS

Os beneficiarios destas axudas deberán manter o investimento subvencionado por un prazo de 2 anos e cumprir as restantes obrigas do artigo 17 das bases reguladoras da Orde de convocatoria destas axudas